



Normas e Instrucións COVID-19 (Profesorado)

Este conxunto de normas establecidas polo centro poderán ser obxecto de modificación ou actualización de acordo coas directrices e instrucións que vaian comunicando as correspondentes autoridades educativas e sanitarias.

1) Acceso ao Centro.

- Non se poderá acudir ao centro educativo de presentar síntomas compatibles coa Covid ou de estar en illamento domiciliario por ter a obriga de pasar o período de corentena. Se se convive cunha persoa que é sospeitosa de padecer Covid-19, tampouco se poderá acudir ao centro, en tanto en canto non se coñeza o resultado negativo do test ou proba PCR correspondente.

Calquera ausencia ao centro, xa sexa pola Covid ou por outra circunstancia, deberá comunicarse inmediatamente ao equipo directivo ou persoal subalterno.

- Deberase realizar diariamente unha autoavaliación, segundo o previsto no Anexo I, antes da chegada ao centro. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid, deberase contactar inmediatamente co centro de saúde e comunicar ao equipo directivo a ausencia. De realizar un test diagnóstico ou proba PCR deberase manter o illamento domiciliario en tanto en canto non se coñeza o resultado do test ou proba PCR correspondente.
- Se se ten a consideración de contacto estreito, por manter relación social cunha persoa que deu positivo no test ou proba PCR correspondente (e coa obriga de illamento de 10 días) deberase entrar en corentena domiciliaria e suspender a ensinanza presencial por un período de 14 días, debendo se é posible seguir o ensino a distancia, utilizando a aula virtual e sen prexuízo de usar outras ferramentas de educación non presencial. En todo caso, nun prazo non superior a 48 horas realizaráselle un test diagnóstico ou proba PCR.
- O profesorado que teña a consideración de vulnerable, sempre que a súa condición clínica o permita, extremará as precaucións, mantendo de forma rigorosa as correspondentes medidas de distanciamento social e as de hixiene, prevención e protección, tanto individuais como colectivas.
- Deberá evitarse a formación de grupos ou aglomeracións de alumnado e respectarase as indicacións establecidas na sinalización e cartelería do centro, como as de aforo máximo, circulación pola marxe dereita e outras.

Permitirase a entrada de alumnado nunha aula valeira, aínda que sexa cunha pequena antelación sobre o horario oficial, para evitar aglomeracións durante o tempo de agarda.

Estará prohibida a entrada aos seguintes espazos:

- Conserxerías, agás para o persoal subalterno e para o persoal de limpeza.
- Oficinas do centro, agás para o persoal administrativo, orientadora e equipo directivo.



→ Aulas, laboratorios e obradoiros que non estean asignados segundo o horario oficial do centro, agás autorización do equipo directivo e sempre avisando coa suficiente antelación, dado que deben estar en condicións óptimas de limpeza e desinfección.

Procurarase minimizar os cambios de espazos respecto aos establecidos segundo o horario oficial do centro, non so por motivos de seguridade ante situacións de emerxencia e evacuación, senón para evitar desaxustes na coordinación do equipo de limpadoras do CIFP.

2) Actuación diante da aparición de síntomas compatibles coa Covid no CIFP

- As persoas que inicien síntomas retiraranse a Sala Covid e deberán estar provistos da correspondente máscara. De revestir gravidade avisarase ao 061 ou 112. O profesorado deberá comunicar ao equipo directivo tal circunstancia.
- Se se trata de menores de idade contactarase cos seus pais ou titores legais para que os veñan a recoller a maior brevidade posible.
- Se se trata de maiores de idade contactarase coa persoa de referencia correspondente e co seu centro de saúde ou chamarase ao teléfono habilitado pola Xunta de Galicia, debendo seguir as instrucións correspondentes.
- O profesorado terá a súa disposición un termómetro dixital sen contacto, que se pode solicitar ao Secretario, para poder tomar a temperatura do alumnado que poida iniciar sintomatoloxía compatible coa Covid-19.

3) Medidas xerais para combater a transmisión da Covid-19

Medidas de carácter obrigatorio:

- **Uso correcto de máscaras** en todo o recinto escolar, tanto en espazos interiores como exteriores e durante toda a xornada lectiva.
As máscaras serán subministradas a través de cada un dos departamentos do centro, tanto didácticos como non didácticos. O xefe de cada departamento deberá levar un control do seu consumo que permita acreditar a súa entrega ao profesorado do departamento (data, usuario, tipo e modelo, cantidade subministrada, sinatura...).
Cando sexa necesaria a súa reposición o Xefe de departamento contactará co Secretario ou no seu defecto cun membro do equipo directivo para a provisión de novas máscaras.
Se se dispón de informe médico, a máscara non será obrigatoria nos seguintes supostos:
 - Que o seu uso poida agravar algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se padeza.
 - Que non se poida quitar por carecer de autonomía individual por mor dunha discapacidade ou situación de dependencia.
 - Que pola súa utilización se presenten alteracións de conduta.



No caso de non ter a obriga de usar máscara deberanse buscar fórmulas que garantan a protección individual e colectiva, como pode ser o uso de pantallas, mamparas...

Nestes casos é primordial manter unha distancia de seguridade de polo menos 2 metros e manter grupos estables de convivencia.

- **Lavado de mans:**

O lavado será necesario alomenos:

- Nas entradas e saídas do centro e de cada espazo, aula, laboratorio ou obradoiro.
- Antes e despois do recreo.
- Antes e despois de comer ou beber.
- Despois de ir ao aseo.
- Cando se use material compartido.

O lavado de máns debe ser frecuente e meticuloso. De empregar auga e xabón lavarase durante polo menos 40 segundos e de empregar xel hidroalcolico bastará con 20 segundos. Cando as máns estean suxas deberán lavarse con auga e xabón.

O profesorado deberá esixir o cumprimento da hixiene de máns e verificará que o alumnado realiza o lavado de mans.

O alumnado deberá traer un bote de xel hidroalcolico de uso propio e exclusivo, dado que debe minimizarse o uso de material compartido.

O profesorado deberá lembrar ao alumnado o cumprimento desta obriga.

- **Distanciamiento social de seguridade.**

A distancia a manter entre postos escolares será de 1,50 mts. medidos dende o centro das cadeiras, agás que se habiliten elementos de protección colectiva.

Os postos escolares deberán estar orientados na mesma dirección.

Se o tamaño dos espazos non permitise gardar esa distancia de seguridade, procederase de acordo coa seguinte orde:

- 1) Retirarase o mobiliario non esencial.
- 2) Utilizaranse espazos alternativos de maiores dimensións.
- 3) Desdobrarase o grupo.

- **Desinfección do posto de traballo docente.**

Os usuarios deberán desinfectar todos os elementos **antes** do seu uso (mesa, cadeira, teclado, rato, ferramentas...), empregando a solución desinfectante correspondente. Os teclados estarán protexidos por film transparente para evitar o seu deterioro.

Aqueles equipos de uso non compartido só poden ser manipulados, única e exclusivamente, polo persoal autorizado, como por exemplo nos despachos de departamentos unipersoais (equipo directivo, orientación, oficinas, relación con empresas, acreditación e probas...).

O profesorado velará para que os postos escolares e de traballo (incluíndo equipamentos e ferramentas) sexan desinfectados ao inicio de cada sesión lectiva. O bote de desinfección só poderá ser manipulado por un/unha único/a alumno/a e os demais terán a súa disposición panos desbotables para a limpeza e secado do líquido desinfectante.



O alumnado deberá traer panos desbotables, de uso propio e exclusivo, dado que debe minimizarse o uso de material compartido. O profesorado deberá lembrar ao alumnado o cumprimento desta obriga.

- **Ventilación periódica dos espazos.**

Deberanse ventilar os espazos durante 15 minutos, alomenos:

- Ao inicio da xornada lectiva, tanto ordinaria como modular.
- Ao finalizar as sesións formativas.
- Durante os recreos.

Ventilaranse os espazos o maior tempo posible, se as condicións meteorolóxicas o permiten, e deberán terse presentes as medidas preventivas a adoptar para evitar accidentes escolares, sobre todo por riscos derivados de caídas a distinto nivel (apertura de fiestras en lugares elevados).

- **Uso individual e exclusivo de material.**

Non se compartirá material, agás que sexa estritamente necesario. Recoméndase gardar o material propio de xeito diferenciado para evitar o contacto co do resto dos compañeiros.

Para o caso de que se comparta material (teclados, pupitres, cadeiras, equipamentos, ferramentas, equipos de protección individual...) éste deberá ser previamente desinfectado polo usuario que o vai utilizar.

Se o módulo formativo o permite, recoméndase substituír actividades que precisan o emprego de materiais compartidos por simulacións virtuais a través de medios informáticos. As fiestras, portas, persianas, chaves da luz, proxectores e outras ferramentas pedagóxicas non poderán ser manipuladas polo alumnado.

Medidas recomendables:

- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre alonxándose das demais persoas.
- Dispoñer de xel hidroalcolico e panos desbotables para uso exclusivo e propio.

4) Medidas organizativas

- En cada unha das aulas, laboratorios e obradoiros (na mesa do profesorado) disporase de xel hidroalcolico, desinfectante de superficies, panos desbotables e papeleira. O profesorado viviará a dispoñibilidade destes produtos, debendo avisar ao Secretario ou, no seu defecto, a un membro do equipo directivo para o caso de que deban repoñerse. Os botes non poden tirarse dado que van a ser reutilizados. Ao persoal de limpeza ou persoal subalterno permitiráselle a entrada na aula, laboratorio ou obradoiro para as tarefas de reposición.



- O profesorado velará polo cumprimento destas normas e instrucións e manterá unha conduta exemplarizante.

Calquera conduta do alumnado que poida poñer en perigo aos restantes usuarios deste centro educativo deberá comunicarse a algún membro do equipo directivo.

Para a imposición de medidas correctoras polo incumprimento destas normas e instrucións, así como das indicacións do profesorado e as contidas na cartelería do centro, estarase ao disposto nas NOF do CIFP e no Decreto 8/2015, de 8 de Xaneiro, pola que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- O equipo docente dun grupo de alumnos/as deberá distribuílos/as de tal xeito que utilicen sempre o mesmo posto escolar en cada un dos espazos asignados segundo o horario oficial do centro. Esta distribución inicial deberá comunicarse pola titoría do grupo ao equipo Covid e non pode ser alterada ao longo do curso académico, dado que desta forma poderase subministrar información dos contactos máis estreitos do alumnado ás autoridades sanitarias para seguir a trazabilidade deses contactos.

Para o caso dos obradoiros e laboratorios será o departamento quen determine o criterio a seguir respecto ao cumprimento deste punto, que en todo caso debe ser comunicado ao equipo Covid. O alumnado deberá ser informado sobre as medidas de protección e as recomendacións a seguir nas prácticas a desenvolver nos obradoiros e laboratorios.

O departamento de cada familia profesional tamén determinará o aforo dos vestiarios e aseos (non superior a un terzo) existentes en cada un dos seus obradoiros ou laboratorios.

- A canle comunicativa preferente, coa comunidade educativa, será a través da páxina web do centro e a través do correo corporativo da xunta (para o persoal do centro) e do correo persoal do alumnado ou dos seus representantes legais, para o caso de menores de idade.
- Os/As titores/as deberán lembrar periódicamente os protocolos de hixiene, prevención e protección fronte a transmisión do virus e deberán poñerse en contacto cos/coas representantes legais do alumnado (no caso de menores de idade) para recordarlles as normas e instrucións establecidas para o alumnado neste protocolo.

Os titores informarán tamén do protocolo de entrada e saída do centro e deberán identificar ao alumnado que puidera ter dificultades de acceso á educación telemática para comunicalo inmediatamente ao equipo directivo ao inicio do curso.

- As distintas reunións que se deban levar a cabo, deberán respectar as medidas de seguridade e protección establecidas polo centro e polas autoridades educativas e sanitarias. Se non fóra posible respectalas deberanse usar medios telemáticos.

Nas titorías preferirase, sempre que sexa posible, a atención non presencial, mediante videochamada ou chamada telefónica. Se fóra necesaria a atención presencial, disporase da sala de titorías ou doutros espazos que permitan garantir a distancia de seguridade e dispoñan de produtos covid (xel, desinfectante, panos desbotables e papeleira).

A titoría de cada grupo recabará os datos das direccións dos correos electrónicos do alumnado e dos seus representantes legais, para o caso de menores de idade.

- A Biblioteca do centro necesariamente permanecerá pechada naquelas sesións lectivas nas que non haxa asignado profesorado, segundo o horario oficial do centro. O seu uso



estará limitado ao 50% do seu aforo, que pode variar segundo se poidan gardar as medidas de seguridade e protección correspondentes.

Deberá respectarse o protocolo establecido para o acceso e uso da Biblioteca, ademais das normas xenéricas aplicables a calquera espazo deste centro.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual, aínda que o devolto deberá permañecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 4 horas, antes de voltar aos andeis correspondentes.

- O acceso e uso da cafetería estará limitado ao aforo establecido pola concesionaria, debendo respectar, en todo caso, as normas xenéricas aplicables a calquera espazo deste centro. A concesionaria da cafetería pode comunicar ao equipo directivo calquera conduta que poida poñer en perigo a seguridade dos/das demais usuarios/as.
- O profesorado de garda, e en xeral todo o profesorado, velará polo cumprimento destas normas, sobre todo, as de:
 - Evitar aglomeracións nos espazos interiores do centro e nas súas entradas e saídas.
 - Manter a distancia de seguridade.
 - Respectar os aforos nos vestiarios e aseos do centro.
 - Usar correctamente a máscara.

No recreo extremarase a vixilancia do alumnado.

- O profesorado deberá informar ao seu alumnado das seguintes circunstancias:
 - A forma na que se desenvolverán as probas orais, tendo en conta que deben respectarse as medidas de seguridade e protección correspondentes.
 - O funcionamento e a metodoloxía que se seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia, explicando a estrutura e o manexo da aula virtual, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia.

Nas aulas virtuais crearase un usuario para o inspector do centro con permiso de acceso a todos os cursos, debendo comunicarlle o nome de usuario e contrasinal.
- A realización de ACF realizaranse extremando as precaucións, respetando os aforos dos diferentes espazos do centro e seguindo o protocolo que se establece no chamado “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/21”.
- Durante os cambios de sesión, o alumnado deberá permañecer no seu posto escolar.

No caso de ter que trasladarse a outro espazo educativo ou saír do centro, o profesorado deberá finalizar as súas actividades formativas 5 minutos antes e comprobar que o alumnado recolleu todo o seu material. Logo asegurarse de que a saída se produza dunha forma ordenada, de 1 en 1, e de que se respecte o distanciamento social para evitar a formación de aglomeracións.

Se houbera aínda outro grupo no novo espazo educativo, agardarase (sen formar grupos) a que saia por completo e logo entrarase gardando a distancia de seguridade, ventilarase o espazo e desinfectarase o posto escolar.

- A entrada de profesionais ou persoal de empresas externas, agás para entrega de subministracións, será rexistrada en Conserxería, dado que desta forma poderase



subministrar información, dos contactos máis estreitos deste persoal alleo ao centro educativo, ás autoridades sanitarias para seguir a trazabilidade deses contactos.

Polo tanto o profesorado, e sobre todo os Xefes de Departamento e Coordinadores do CIFP, así como o persoal de administración e servizos, que puideran ter unha relación comercial con profesionais ou empresas, velarán para que se registre previamente en Conserxería a súa presenza no centro, antes de desenvolver o servizo contratado, aínda que sexan tarefas de mantemento periódicas.

O persoal alleo ao centro educativo deberá respectar as normas Covid do centro, sobre todo as de uso obrigatorio de máscara, hixiene de máns e distanciamento social.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou alumnado poderá usar unicamente os aseos situados no chamado corredor Siberia.



Anexo I: Protocolo de entradas e saídas en réxime ordinario e modular.

Todo o profesorado, sobre todo na 1ª sesión da súa xornada laboral, deberá estar, coa suficiente antelación (15 minutos antes), nos correspondentes espazos educativos establecidos no seu horario oficial, para facilitar unha entrada fluída do alumnado a súa aula, laboratorio ou obradoiro e evitar así aglomeracións que puideran darse nos corredores internos no tempo de agarda.

A entrada ao centro do alumnado poderá facerse polas portas de acceso ás oficinas (para o alumnado que utiliza o aparcadoiro) e ás conserxerías (para o resto do alumnado). Poderanse utilizar as portas exteriores dos obradoiros da familia profesional de TMV (as portas laterais que quedan fronte ao edificio de frío) sempre que se verifique que o alumnado realiza previamente a hixiene de máns na entrada ao obradoiro.

Recoméndase que o profesorado utilice a porta de acceso á antiga casa do conserxe.

O profesorado de garda, sobre todo na primeira sesión da súa xornada laboral, deberá estar, coa suficiente antelación (15 minutos antes), na porta de acceso ás oficinas do centro para verificar que o alumnado que entra ao centro, realiza correctamente a hixiene de máns. Os demais profesores de garda velarán para que nos demais espazos, tanto interiores como exteriores do recinto escolar, non se formen aglomeracións e se respecten as normas deste protocolo.

O profesorado deberá dirixir as saídas do alumnado, de tal xeito, que no corredor hai o suficiente espazo de distanciamento físico, como para evitar a aglomeración de persoas. Tamén deberá verificar que o alumnado, previamente a súa saída, realiza correctamente a hixiene de máns.

O profesorado de garda verificará que a saída do centro se fai respetando a distancia de seguridade e as normas contidas neste protocolo.